

**SENDA EN NANTÓN, ESTRADA AC-552
(CABANA DE BERGANTIÑOS)**

1. Obxecto da actuación

O obxecto da actuación é a xustificación e definición das obras para a execución dunha senda peonil na marxe dereita da estrada AC-552, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 49+650 e 51+150, no concello de Cabana de Bergantiños (provincia da Coruña); co fin de fomentar a mobilidade sostible e mellorar a seguridade viaria.

Outra das súas finalidades fundamentais é apoiar a circulación dos usuarios da "Asociación Íntegro" para persoas con diversidade funcional, que poderán acceder con seguridade ao centro de saúde, parada de autobús, farmacia, campo de fútbol e outros servizos.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional AC-552 *A Coruña (A Grela) - Cee (AC-550)*, dos PP.QQ. 0+000 a 29+420 e 60+400 a 91+110 pertencente a rede estruturante; dos PP.QQ. 29+420 a 31+000, 31+900 a 56+460 e 57+190 a 60+400 pertence a rede local; e do P.Q. 56+460 a 57+190, pertence a rede complementaria da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

Execución dunha senda peonil na marxe dereita da estrada AC-552, entre os PP.QQ. 49+650 e 51+150. Para elo, non se modificará o trazado da vía, as obras realizaranse partindo da liña branca do bordo da calzada.

Obras complementarias:

- Canalización das augas pluviais cunha gabia pegada á senda que evacuará ao terreo natural, ou a outras gabias ou canles existentes.

- Instalación de telecomunicacións baixo a senda cun prisma de 4 tubos de PVC, embebidos en dado de formigón HM-20.

- Retranqueo da marquesiña existente no P.Q. 0+140 a unha nova posición, no P.Q. 0+320; rasanteo das tapas de cámaras de rexistro e arquetas necesarias; e execución dun chanzo, en reposición do existente, sobre o noiro do P.Q. 1+010.

- Repintado das marcas viarias existentes e, no espazo da parada do bus, na marxe dereita do P.Q. 0+320 pintaranse novas marcas viarias encamiñadas á reordenación do espazo. Tamén se ten en conta o retranqueo de sinais verticais.

4. Características técnicas

Sección tipo: senda $\geq 1,80$ m + 0,22 m (bordo 22X15 cm, chafrán diámetro 3 cm)

Firmes e pavimentos:

- **Senda peonil:** 16 cm HF-3,5 (6 cm superficiais en cor terrizo + 10 cm cor gris); todo elo executado sobre 15 cm ZA 0/20 e nova explanada de 55 cm de solo seleccionado. Nos accesos colocárase malla de 150x150x10 mm.

- **Pavimento diferenciado:** baldosa hidráulica de botón/direccional (segundo corresponda) en cor a decidir pola Dirección de Obra, executada sobre sub-base/explanada existente (zonas de ampliación ou renovación).

- **Ampliación plataforma por traslado parada bus:** 5 cm de capa de rodadura con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 surf BC 50/70 S (banda de ancho 10 m) + 25 cm sub-base ZA 0/20 + mínimo 55 cm explanada de solo seleccionado.

Estenderase rega de imprimación C60BF4 IMP entre capas.

Drenaxe:

- Gabia xenérica e na nova ubicación da parada de bus, de 1,20 m de ancho e 10 cm de profundidade.

- Gabia en pé de terraplén de 20 cm de base e 15 cm de profundidade.

- Arquetas con tapa de reixa electrosoldada de aceiro galvanizado formando cuadrícula de 30x30 cm, que actuarán a modo de sumidoiro.

- Os cruces baixo a calzada executaranse con tubaxe de formigón DN400.

5. Poboación Servida (INE 2024)

Cabana de Bergantiños 4.098 hab.

TOTAL 4.098 hab.

6. Concellos Afectados

Cabana de Bergantiños.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 32, cunha superficie afectada de 1.382,25 m² no concello de Cabana de Bergantiños.

Orzamentos bens 46.500,00 €

Orzamento terreos 5.250,00 €

5% de afección 2.587,50 €

Orzamento total expropiacións 54.337,50 €

8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **SEIS (6) meses**.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 370.519,42 €

Orzamento Expropiacións 54.337,50 €

Orzamento para coñecemento da administración 424.856,92 €

SECCIÓN TIPO GENÉRICA

Diagrama de una sección transversal genérica de una carretera, mostrando las dimensiones y materiales de las distintas zonas:

- ARCÉN MD EXISTENTE:** 1,50 m.
- CUNETA TRANSITABLE:** 1,20 m.
- SENDA PEATONAL MÍNIMA:** $\approx 1,80 + 0,22 = 2,02$ m.
- TALUD:** 1H/1V.
- Linea de expropiación:** 1,00 m desde el borde del talud.
- EJE DE REPLANTEO:** Línea de borde de calzada MD.
- Suelo seleccionado tipo 2:** >55 cm.
- ZA 0/20:** 15 cm.
- HM-20/P/20/XC2:** $e=0.10$ m.
- Bordillo de senda.**
- Zanja de telecomunicaciones:** 4 tubos.
- HF-3.5 gris s/pigmento:** 10 cm.
- HF-3.5 color terrizo:** 6 cm.
- Pendiente:** 2%.